

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2273** *Corrección de erros do Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

Advertidos erros no texto do Real decreto 1826/2009, do 27 de novembro, polo que se modifica o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 298, do 11 de decembro de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1, segunda liña do primeiro parágrafo, onde di: «... que contén 32 medidas,... », debe dicir: « ... que contén 31 medidas,... ».

Na páxina 2, no punto segundo da I.T.3.8.1 Ámbito de aplicación, onde di: «... que estean acondicionados situados...»; debe dicir: «... que estean acondicionados, situados...».

Na páxina 3, no primeiro parágrafo da I.T.3.8.3 Procedemento de verificación, onde di: «... Este dispositivo será obrigatorio nos recintos destinados aos usos indicados no número 1 da I.T.3.8.1.2 anterior, cuxa superficie sexa superior a 1.000 m<sup>2</sup>.»; debe dicir: «... Este dispositivo será obrigatorio nos recintos destinados aos usos indicados no número 2 da I.T.3.8.1 anterior, cuxa superficie sexa superior a 1.000 m<sup>2</sup>.»

Na páxina 4, na disposición transitoria única, onde di: «... no número 1 da I.T.3.8.3...», debe dicir: «na I.T.3.8.3 e na I.T.3.8.4, respectivamente,...».